

## **Oferta de visitas e rutas guiadas de sendeirismo para coñecer o valioso patrimonio histórico natural do noso Concello**

Dende a Oficina de Turismo e có apoio do Concello de Covelo vanse levar a cabo unha serie de visitas polos diferentes lugares e rutas do Concello de Covelo. Realizaranse rutas de sendeirismo guiadas, visitas o patrimonio histórico-artístico e natural, museos e centros de interpretación, que terán lugar no mes de agosto.

### **Sábado 1 de agosto: ruta dos Carranos e visita ó Serradoiro dos Carranos.**

Dificultade baixa. Saída dende a Rectoral de Fofe ás 10:30 e rematando sobre as 14:30. A andaina transcorre nas fragas do alto Tea onde poderán gozar dos valores medio-ambientais, paisaxísticos e patrimoniais do val e da serra. Visita ao Serradoiro e Aula da Natureza dos Carranos.

### **Sábado 8 de agosto: ruta do Río Xabriña e visita ó Lagar da Cera FAVUM.**

Dificultade media, cunha duración aproximada de 3 horas. Saída ás 10:30 horas dende o recinto das festas de Paraños, rematando no mesmo lugar sobre as 14:00. Visitaremos o lugar onde traballaban os cereiros. A entrada ó lagar de cera é de 1 euro.

### **Sábado 15 de agosto: ruta do Río Alén e do Mosteiro de San Xoán e visita ó Conxunto Abacial de San Martiño de Barcia de Mera.**

Dificultade Media. A ruta comezará no Mosteiro de San Xoán ás 10:30h. A andaina transcorrerá polo marxe fluvial do río Alén (afluente do río Tea) rematando as 14:00h. na parroquia de Barcia de Mera.

### **Domingo 16 de agosto: Ruta AQA.**

Dificultade media, cunha duración de 3 horas. Saída dende a Praia de Maceira ás 11:00h. e rematando ás 14:00h. en Barcia de Mera. Visita ó muiño de Maceira e muiños de Portafurada.

### **Sábado 22 de agosto: ruta Foxo do Lobo.**

Saída dende a praza do concello ás 11:00h. Ten unha duración aproximada de 3-4 horas. Remataríase sobre as 14:00 – 15:00h. Aquí poderase ver o foxo do lobo e o chozo na Serra do Suído.

### **Domingo 23 de agosto: explicación do Cruceiro do Cristo dos Aflixidos e ruta Pedra do Lobo.**

Empezaríase a explicación no cruceiro ás 10:30h. e logo dirixirémonos ó Castro para comezar a ruta. Aquí verase a famosa pedra dende onde o lobo ouveaba e o Monte do Castro con magníficas vistas. Remate as 14:30h. aprox.

### **Sábado 29 de agosto: visita guiada á capela de Santa María o pe da Cruz de Baldomar e ó Conxunto Abacial de San Martiño de Barcia de Mera.**

Necesítase levar coche a todos estes lugares. Quedaremos as 11:00h. na Igrexa de Baldomar, despois faremos un descanso para preguntas, fotos,... e iremos o Conxunto Abacial de Barcia de Mera. Aquí poderán gozar das grandísimas xoias barrocas. Ten unha duración aproximada de 3 horas.


Tamén ofrecemos a posibilidade de facer calquera destas visitas outro día, mediante unha visita concertada previamente para grupos.

Para todas estas visitas é necesario inscrición previa, na páxina do facebook “Turismo en Covelo”, no e-mail [oficinaturismocovelo@gmail.com](mailto:oficinaturismocovelo@gmail.com) ou ben chamando ó 638 015 428. Dando o nome e un teléfono de contacto.

Indicar que na web do concello [www.concellodecovelo.es](http://www.concellodecovelo.es) están dispoñibles audioguías e trípticos destas rutas de sendeirismo. É importante que a xente que se anime a participar nestas visitas traian roupa e calzado cómodos e unha botella de auga. Por cuestións organizativas, meteorolóxicas ou outras causas de forza maior, poderán alterarse as datas ou suspenderse algunha das visitas planificadas, buscándose outras datas para a súa celebración sempre que foxe posible.

**Este ano por primeira vez permanecerá aberta para a súa visita o Serradoiro e a Aula da Natureza e do Patrimonio Etnográfico dos Carranos. Todos os venres, sábados e domingos, das 18h. ás 19h. Para máis información: <http://concellodecovelo.es/carraños/index.html>**

En Covelo, a 31 de xullo de 2015  
O ALCALDE



Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo